

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de decembro de 2007**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezanove de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., Sr. Riesgo Boluda e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2242).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(2243).- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2008.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 11 de decembro de 2007, emitido pola xefa de Transportes e conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, cun selo co "intervido e conforme" do interventor xeral de data 19 do mesmo mes, vistas as actas do Consello Sectorial de Transportes e máis da Xunta Local de Prezos en sesións realizadas o día 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A." para o ano 2008, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente,

|                  |              |
|------------------|--------------|
| * prezo billete  | 1,08 euros   |
| * prezo coche/qm | 4.3684 euros |

Segundo.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

Terceiro.- Manter os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

|  |          |
|--|----------|
| bono bus normal  | 0,72     |
| - bono bus estudante   | 0,69     |
| - bono bus pensionista I   | gratuito |
| - bono bus pensionista II  | gratuito |
| - bono bus universitario   | 0,49     |
| - bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante | gratuito |

Cuarto.- Subvencionar no exercizo económico de 2008, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante , pensionista I e II, e as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desplazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que os acompañe, e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995,mais a diferenza ata o prezo do bono aprobado.

### **3(2244).- REVISIÓN DE TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2008.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 3 de decembro de 2007, emitido pola xefa de Transportes e conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, vistas as actas do Consello Sectorial de Transportes e máis da Xunta Local de Prezos en sesións realizadas o día 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2008, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

|                                      |       |
|--------------------------------------|-------|
| Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,10 mín) | 2,92  |
| Km percorrido                        | 0,80  |
| Hora de espera                       | 16,18 |
| Suplemento aeroporto                 | 3,60  |
| Suplemento Cotogrande                | 2,50  |
| Maletas e vultos análogos            | 0,44  |

TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados desde as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

|                                      |       |
|--------------------------------------|-------|
| Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,26 mín) | 2,92  |
| Km percorrido                        | 0,85  |
| Hora de espera                       | 16,81 |
| Suplemento aeroporto                 | 3,60  |
| Suplemento Cotogrande                | 2,50  |
| Maletas e vultos análogos            | 0,44  |

Segundo.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.